

## *Fume*

Crítica de Estro Montaña

Faro de Vigo, 10 de abril de 2025

Hugin e Munin, nunha fermosa e anotada edición, publica *Fume* (1867) de Turgénev, o escritor máis occidentalista da súa xeración, que ofrece unha crítica mordaz da sociedade rusa, en plena idade de ouro da narrativa do seu país. A través do complexo personaxe de Litvínov, un home que retorna a Baden-Baden para retomar a relación coa súa prometida Tatiana e onde atopa a sofisticada aristócrata Irina, a novela explora con nihilismo e ironía a incerteza das ilusións persoais e políticas. Fronte á solidez dos valores tradicionais de Tólstoi ou Dostoievski, o fume do título é o símbolo dun mundo que se descompón sen que xurda unha alternativa clara. En Baden-Baden, refuxio dos aristócratas rusos expatriados, conviven os ridículos nostáxicos do tsarismo e os mozos radicais, dogmáticos e superficiais. O indeciso protagonista, que vive atrapado nun conflito amoroso, observa na cidade balneario con desencanto a esgazadura que se produce na sociedade rusa entre a tradición e a modernidade. A presenza de Irina, coa que estivo a punto de casar anos atrás, fai renacer con violencia unha paixón esquecida. Ao longo da novela, a intriga sentimental entrelázase cun transfundo social e político e Turgénev, cunha prosa elegante e refinada, desde o realismo psicolóxico, vainos lembrar con amargura que, coma o amor de Litvínov e as súas esperanzas políticas, todo pode esvaecer.